

## MUSEO ARQUEOLÓXICO E HISTÓRICO - "CASTELO DE SAN ANTÓN"-A CORUÑA

Cómo chegar: En Bus liña 1.

TARIFA XERAL -Entrada: 2 €. O NOSO GRUPO ESTA EXENTO.

O Castelo de San Antón é unha fortaleza construída nunha illa na baía da Coruña entre os séculos XVI e XVIII para a defensa da cidade dos ataques por má. Ata mediados do XX cumpriu tamén función de prisión. O propio Castelo, independentemente do Museo, resulta de interese na súa arquitectura e na súa historia. En diferentes partes do edificio instaláronse paneis explicativos que detallan a historia e a función dos diferentes elementos. Á historia do edificio e ao seu papel como prisión adírase tamén o acceso e a primeira estancia da planta baixa, antigo calabozo e posterior almacén de pólvora, na que se repasan os presos máis ilustres que moraron en San Antón: Villarroel, Macanaz, Malaspina, Porlier...

### 1.-O Patio de Armas.

É un espazo interior aberto, rodeado de casamatas que antes foron celdas pechadas, abertas na súa conversión en Museo. Adícase á exhibición dos restos escultóricos, arquitectónicos e funerarios da Baixa Idade Media, e procedentes, na súa meirande parte de antigas igrexas da cidade.



### 2.-A planta baixa da "Casa do Gobernador"

Antigo cuartel de tropa, acolle a sección propiamente arqueolóxica do Museo. Partindo dunha primeira sala centrada nos restos romanos da cidade con especial atención á Torre de Hércules, pásase a un corredor no que se explora a vida e a morte en época romana na Gallaecia: os diferentes ritos funerarios, os deuses, as formas de construción, as villae, o transporte marítimo, o campamento romano de Cidadella, os obxectos de vida cotiá...

Éntrase logo no mundo castrexo, cunha primeira zona adicada integramente ao **Castro de Elviña**, cos diferentes restos atopados, unha maqueta do castro e o célebre "Tesouro de Elviña"; un estudo integral dun castro e a súa evolución no tempo. Nunha segunda zona preséntase un panorama xeral da vida da época: torques en ouro e bronce, divinidades, diferentes obxectos rituais, armas, metalurxia, cerámica, muíños e morteiros, fíbulas e moitos outros elementos aproximámonos aos antigos habitantes dos castros antes da chegada de Roma.

Un novo salto temporal cara atrás nos leva á última das estancias, na que conviven os restos da Idade do Bronce, dende os machados, espadas, puñais e lanzas do Bronce Final, ata a Cista da Insua, puntas de frecha, os puñais e alabarda do acobillo de Leiro, petroglifos de círculos concéntricos... todo elo do Bronce Inicial, cos restos dos momentos

anteriores: Calcolítico e Neolítico.

### 3.-A planta alta da "Casa do Gobernador"

Á saída da planta baixa pódese visitar A Cisterna, un interesante alxibe escavado na rocha que recollía a auga da choiva para abastecer ao Castelo. Na rampla de acceso á planta alta atopamos a Borna, unha reprodución dun barco da Idade do Ferro.

No patio superior pódese atopar a reconstrución da Cista de Taraio (Malpica), monumento funerario individual do Bronce Inicial ou os petroglifos trasladados dende o Monte Outón-Polvorín, nas proximidades da Torre de Hércules. Na terraza, cubrindo o exterior da cúpula da capela, atópase un mural cerámico realizado pola fábrica de Sargadelos e deseñado por Francisco Xosé Pérez Porto (1987), no que se recollen episodios da historia e da lenda coruñesa: a Batalla de Elviña, a heroína María Pita, o atlante Xergón e Hércules...

Entrando xa na Casa do Gobernador (pendente de reforma), se exhiben obxectos do pasado recente da cidade. Destacan o Salón Barroco, a Sala do XIX coa Batalla de Elviña e Guerra da Independencia, na que se poden encontrar bandeiras, gravados e armas relacionadas con estes episodios.

